



El Jefe del Servicio Provincial de Montes e Industrias Forestales de Ourense informa lo siguiente:

1º.- Con fecha 24 de Marzo de 2.001 la Junta de Comunidad de Arruás del término municipal de Vilar de Barrio tomó el acuerdo de solicitar la transformación del consorcio "Sierra de San Mamed 25 (OR-2017)" a un nuevo convenio, en la parte que le pertenece.

2º.- Que se acompaña certificación de D. Hermesinda Aguiar Fernández en la que se hace constar que en asamblea general, con fecha 24/03/01, se tomó el acuerdo arriba indicado para la firma del nuevo convenio.

3º.- Que el monte vecinal en mano común "Lomba, Candas e Rebordiño" de Arruás que se quiere conveniar se compone de 153 ha repobladas que constituyen una parte de las 2.054,5 ha. que forman el consorcio del monte "Sierra de San Mamed, 25" (OR-2017).

4º.- Que en sesión del 30 de noviembre de 1.976 el Jurado Provincial de M.V.M.C. tomó el acuerdo de clasificar el monte "Lomba, Candas e Rebordiño" a favor de los vecinos de Arruás, del término municipal de Vilar de Barrio, siendo firme el acuerdo al no haber reclamaciones en plazo.

5º.- Que los trabajos de repoblación imputables al consorcio "Sierra de San Mamed 25" (OR-2017) comenzaron en el año 1.945.

6º.- Que el estado de cuentas del monte "Sierra de San Mamed 25" (OR-2017) en la parte correspondiente a los vecinos de Arruás es de:

6.1.- HASTA EL 31 DE DICIEMBRE DE 1.976

- GASTOS:

Gastos totales del consorcio (OR-2017):	38.585.057.-Ptas.
Pasados al convenio 321-55115	9.394.138.-Ptas.
Pasados al convenio 321-55119	7.118.646.-Ptas.
Pasados al convenio 321-55122	3.990.704.-Ptas.
Pasados al convenio 321-55173	756.893.-Ptas.
Pasados al convenio 321-55181	<u>3.200.813.-Ptas.</u>
Resulta un saldo de:	14.123.863.-Ptas.

Corresponde a la comunidad de Arruás:

- Trabajos: 14.123.863 Ptas x 153 ha / 2.054,5 ha.	1.051.814.-Ptas.
- Guardería 680 Ptas/ha x 153 ha	104.040.-Ptas
- Administración: 7,85% / 1.051.814.-Ptas.	<u>82.567.-Ptas.</u>

TOTAL GASTOS: 1.238.421.-Ptas.

- INGRESOS:

Ingresos totales del consorcio	2.642.999.-Ptas.
Pasados al convenio 321-55115	643.480.-Ptas.
Pasados al convenio 321-55119	487.613.-Ptas.
Pasados al convenio 321-55122	273.355.-Ptas.
Pasados al convenio 321-55173	51.846.-Ptas.
Pasados al convenio 321-55181	219.249.-Ptas.
Resulta un saldo de:	967.456.-Ptas.

Corresponde a la comunidad de Arruás:

- Aprovechamientos maderables:	
967.456 Ptas x 153 ha / 2.054,5 ha.	72.047.-Ptas.
- Condonación deuda Ley 13/1.989:	1.166.374.-Ptas.

TOTAL INGRESOS: 1.238.421.-Ptas.

Resulta un saldo en el consorcio (OR-2017) en la parte correspondiente a Arruás en el periodo 1945-1976 de:

$$G - I = 1.238.421.-Ptas. - 1.238.421.-Ptas. = \underline{0.-Ptas.}$$

6.2.- DESDE EL 1 DE ENERO DE 1.977 HASTA EL 31 DE DICIEMBRE DE 2.000

- GASTOS :

Gastos totales del consorcio (OR-2017):	252.861.941.-Ptas.
Pasados al convenio 321-55115	52.211.190.-Ptas.
Pasados al convenio 321-55119	39.564.353.-Ptas.
Pasados al convenio 321-55122	22.179.727.-Ptas.
Pasados al convenio 321-55173	4.276.160.-Ptas.
Pasados al convenio 321-55181	18.083.380.-Ptas.
Resulta un saldo de:	116.547.131.-Ptas.

A deducir cofinanciación de la Unión Europea:

- Fondos Estructurales año 1.994: 72,5% s/ 22.606.213 Ptas.	16.389.504.-Ptas.
- Fondos Estructurales año 1.995: 72,5% s/ 11.671.121 Ptas.	8.461.563.-Ptas.
- Fondos Estructurales año 1.996: 72,5% s/ 8.133.899 Ptas.	5.897.077.-Ptas.
- Fondos Estructurales año 1.997: 72,5% s/ 4.011.266 Ptas.	2.908.168.-Ptas.
- Fondos Estructurales año 1.998: 72,5% s/ 2.022.940 Ptas.	1.466.631.-Ptas.
- Fondos Incendios año 2.000: 100% s/ 1.629.719 Ptas.	1.629.719.-Ptas.
	79.794.469.-Ptas.



Corresponde a la comunidad de Arruás:

- Trabajos: 79.794.469 Ptas x 153 ha / 2.054,5 ha.	5.942.348.-Ptas.
- Guardería: 1.255 Ptas/ha x 153 ha.	192.015.-Ptas.
- Administración: 7,85% s / 5.942.348.-Ptas.	<u>466.474.-Ptas.</u>

TOTAL GASTOS **6.600.837.-Ptas.**

- INGRESOS :

Ingresos totales del Consorcio (OR-2017): 98.337.556.-Ptas.

Pasados al convenio 321-55115	19.481.739.-Ptas.
Pasados al convenio 321-55119	14.762.536.-Ptas.
Pasados al convenio 321-55122	8.275.859.-Ptas.
Pasados al convenio 321-55173	2.116.610.-Ptas.
Pasados al convenio 321-55181	<u>9.921.470.-Ptas.</u>
Resulta un saldo de:	43.779.342.-Ptas.

Corresponde a la Comunidad de Arruás:

-Aprovechamientos maderables:

43.779.342 Ptas x 153 ha / 2.054,5 ha. 3.260.277.-Ptas.

TOTAL INGRESOS **3.260.277.-Ptas.**

Resulta un saldo en el monte (OR-2017) en la parte correspondiente a la comunidad de Arruás en el periodo 1.977 –2.000 de:

G - I = 6.600.837 - 3.260.277 = 3.340.560 pesetas a favor de la Xunta de Galicia.

Por todo ello, **proponemos:**

PRIMERO.- Que se apruebe el convenio del monte con las siguientes bases:

Nombre: **LOMBA, CANDÁS E REBORDIÑO**

Elenco: 321-55193

Superficie: 153 ha repobladas

Pertenencia: vecinos de Arruás

Termino municipal: Vilar de Barrio

Provincia: Ourense

A contabilizar como subvención: 50%




A contabilizar como anticipo: 50%
Interés sobre el anticipo: 1% anual
Participación de la comunidad en el vuelo creado: 70%
Participación de la Consellería en el vuelo creado: 30%
Saldo inicial del convenio: **3.340.560 pesetas a favor de la Xunta de Galicia.**

SEGUNDO.- Que en lo sucesivo el consorcio "Sierra de San Mamed 25" (OR-2017) tenga las siguientes bases:

Nombre: Sierra de San Mamed 25
Elenco: OR-2017
Superficie: 1.901,5 ha
Pertenencia: Rebordechao y Parada.
Termino municipal: Vilar de Barrio.
A restar de la cuenta de gastos: 9.731.157.- Ptas.
A restar de la cuenta de ingresos: 3.332.324.- Ptas.

Santiago de Compostela, 25 de septiembre de 2001.


**O Subdirector Xeral de Montes
e Industrias Forestais,**



Plácido Baamonde López.

Visto e prace

O Director Xeral,



Tomás Fernández-Couto Juanas.

Excmo. Sr. Conselleiro de Medio Ambiente. Santiago de Compostela.-

**INFORME M.V.M.C. LOMBA, CANDÁS E REBORDIÑO - 32155193**

CONSULTA: Conveniencia ou non de atende-la petición da Comunidade de Arrúas en Vilar de Barrio (Ourense) para transformar de consorcio a convenio a parte correspondente á dita comunidade do M.V.M.C. denominado "Serra de San Mamede 25".

Con data 20 de xullo de 2001 ten entrada na Dirección Xeral de Montes e M.A.N. expediente remitido pola Delegación Provincial de Ourense para transformar de consorcio a convenio a parte correspondente á comunidade de Arrúas (Vilar de Barrio) do M.V.M.C. denominado "Serra de San Mamede 25" por 153 has procedentes do consorcio OR-2017.

Vista a solicitude de D^a. Hermesinda Aguiar Fernández en calidade de presidenta da xunta rectora da C.M.V.M.C. de Arrúas de data 25 de marzo de 2001 en referencia á asamblea xeral de data 24 de marzo de 2001;

Vista a aceptación das cláusulas do novo convenio pola comunidade antedita en certificación de xuño de 2001;

Vista a certificación da encargada da sección provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común de Ourense de data 5 de xullo de 2001;

Vistas as certificacións e o informe do Xefe de servizo de Montes e Industrias Forestais de Ourense de data 11 de xullo de 2001, favorables á petición,

e vistos os artigos 49 e seguintes do Real Decreto 1279/1978, que aproba o Regulamento da Lei de fomento da produción forestal, así como a Lei 13/1989, do 10 de outubro de montes veciñais en man común e o Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro de montes veciñais en man común,

INFORMO favorablemente á petición, considerando concorrente a vontade das partes; informe sometido a criterio mellor fundado. Non se ponen en cuestión nin a propiedade dos terreos nin as valoracións de tipo económico. O carto parágrafo da 10^a cláusula do novo convenio considérase contraria ó establecido no parágrafo 3º do artigo 56 do Real Decreto 1279/1978, do 2 de maio, que aproba o Regulamento da Lei de Fomento da Producción Forestal, polo que se considera non posta.

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2001



Asdo.: Ignacio García de los Huertos Vidal
(Sección Xurídica)

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e logo dos informes favorables emitidos pola súa sección xurídica e polo xefe do servizo provincial de Montes e Industrias Forestais de Ourense,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aproba-lo convenio do monte coas seguintes características:

Nome: **LOMBA, CANDÁS E REBORDIÑO**

Elenco: 321-55193

Superficie: 153 ha repoboadas

Pertenza: veciños de Arruás

Concello: Vilar de Barrio

Provincia: Ourense

A contabilizar como subvención: 50%

A contabilizar como anticipo: 50%

Xuro sobre o anticipo: 1% anual

Participación da Comunidade no voo creado: 70%

Participación da Consellería no voo creado: 30%

Saldo inicial do convenio: **3.340.560 pesetas a favor da Xunta de Galicia.**

SEGUNDO.- Que no sucesivo o consorcio "Sierra de San Mamed 25" (OR-2017) teña as seguintes bases:

Nome: Sierra de San Mamed 25

Elenco: OR-2017

Superficie: 1.901,5 ha

Pertenza: Rebordechao e Parada.

Concello: Vilar de Barrio.

A restar da conta de gastos: 9.731.157.- Ptas.

A restar da conta de ingresos: 3.332.324.- Ptas.


Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de Reposición con carácter potestativo ante o Conselleiro de Medio Ambiente no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente o recurso Contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, prazos que comezarán a contar a partir do día seguinte ó da recepción



da notificación, de acordo co disposto nos artigos 107, 109, 116 e 117 da Lei 4/99 de modificación da Lei 30/92, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e nos artigos 10 e 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo da xurisdicción contencioso-administrativa, ou exercer calquera outro que estime pertinente.

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2001.

O CONSELLEIRO
(por Orde do 12-01-98)
O Secretario Xeral,

A handwritten signature in blue ink, appearing to read 'José Luís Aboal García-Tuñón', with a large loop at the top.

José Luís Aboal García-Tuñón

Ilmo. Sr. Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural.
Santiago de Compostela.-

C O N V E N I O

N.º	321	55193
-----	------------	--------------

En Santiago de Compostela, a vinteseis de setembro de dous mil un ~~de mil novecientos~~
~~noventa e~~

R E U N I D O S

Dunha banda, D. CARLOS DEL ÁLAMO JIMÉNEZ, Conselleiro de Medio Ambiente, en virtude da representación que legalmente ostenta.

Da outra, D. HERMESINDA AGUIAR FERNÁNDEZ como representante da comunidade propietaria do monte veciñal en man común LOMBA, CANDÁS E REBORDIÑO, segundo se acredita neste mesmo documento.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

E X P O Ñ E N

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

O abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servizos á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, do 4 de xaneiro, sobre fomento da produción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279178, do 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69184, de 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexeráse polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.- O convenio ten por obxecto:

a) A modificación das condicións establecidas nos Consorcios subscritos con datas do 1.945 para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2.ª, quedando anulado este Consorcio na parte afectada polo presente convenio.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

d) A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Consorcio anterior, que continuará pertencendo á entidade propietaria (rísquese, de non existir).

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.- Os terreos afectados polo presente Convenio pertencen a os veciños de ARRÚAS

e son os que a continuación se describen:

Denominación: LOMBA, CANDÁS E REBORDIÑO

Termo municipal: VILAR DE BARRIO

Provincia: OURENSE

Situación administrativa e legal MONTE VECIÑAL EN MAN COMÚN DOS VECIÑOS DE ARRUÁS

Límites:

N.: Termo e montes de Rioboo

S.: Termo municipal de Laza

L.: Monte de Prado

O.: Termo municipal de Laza

Superficie: 153 has

Estado forestal: 153 has repobladas con Pinus pinaster

Con arborado pertencente á comunidade propietaria do chan: 0 has

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do consorcio anterior, que se converte e anula:
153 has

Sen vexetación arbórea: Servidumes: As habituais de paso

3ª.- O chan continuará pertencendo a os veciños de ARRUÁS

que achega ó convenio:

a) A súa participación no voo creado en virtude do consorcio sinalado.

b) Os terreos descritos na cláusula segunda.

~~c) O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (risquese se non existe).~~

4ª.- A Consellería de Medio Ambiente aporta ó convenio a súa participación no voo creado en virtude do anterior consorcio e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dará lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o CINCuenta por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante CINCuenta por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do UN por cento anual.

5ª.- Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acreedor resultante de actualiza-las contas de gastos e ingresos dos consorcios anteriores, que quedarán total ou parcialmente extinguidos. Este saldo, que será a diferencia entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería de Medio Ambiente, e os ingresos desta considerarase anticipo e, a partir del, aplicaráselle á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de consorcios a converter é como segue: OR-2017 (153 has)

6ª.- As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería de Medio Ambiente.

7ª.- Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.ª, apartado b), o TRINTA por cento será para a Consellería de Medio Ambiente, e o SETENTA por cento restante, para a comunidade propietaria do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente ós propietarios do chan, a Consellería de Medio Ambiente recibirá o XXXXXXXXXXXXXXXXXXXX por cento, e a comunidade propietaria, XXXXXXXXXXXXXXXXXXXX por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería de Medio Ambiente excedese do saldo acredor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregárase o exceso a comunidade propietaria.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade da comunidade propietaria, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

8ª.- En caso de incendio, a Consellería de Medio Ambiente procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuindo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9ª.- o presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito pola comunidade propietaria do chan e pola Consellería de Medio Ambiente, figurando no mesmo certificación do acordo da Xunta de Comunidade co «quorum» regulamentario, no que se designe a persoa autorizada a efectos da signatura do Convenio.

Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería de Medio Ambiente asumirá a posesión do voo, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administrativo, será inscribible no Rexistro da Propiedade.

10ª.- A duración deste convenio será por un período de CUARENTA anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería de Medio Ambiente, coa súa participación en beneficios que se consigna no primeiro parágrafo da cláusula sétima, cubrise o seu saldo acredor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que sustentase á plena posesión do seu titular.

En caso contrario, prorrogárase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acredor da Consellería de Medio Ambiente se cubrise antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerárase este tácitamente renovado, de non existir manifestación expresa das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Medio Ambiente do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

11ª.- Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construcións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Medio Ambiente, se esta o precisar.

12ª.- A especie a utilizar para a repoboación forestal obxecto deste convenio será Especies do xénero
Pinus e outras especies óptimas para o monte

13ª.- O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería de Medio Ambiente interpretará e resolverá todas as cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

da sección provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

CERTIFICO:

1.—Que entre os antecedentes que obran en poder deste rexistro figura copia dos estatutos da comunidade propietaria do monte veciñal en man común denominado "Monte Lomba, Candás y Rebordifio" clasificado en data 30 novembro 1976 a favor dos veciños de Arrúas, cunha superficie de 239 Ha no Concello de Vilar de Barrio (Ourense).

2.—Que, así mesmo, figura Don a Hermesinda Aguiar Fernández, e
Don en aplicación do art. 46.4 do Regulamento da Lei 13/89, como presidente e secretario,
respectivamente, da xunta rectora, en Ourense

E para que conste, expido a presente certificación

a 5 de xullo de 1999

Don Hermesinda Aguiar Fernandez, Secretario
de XUNTA DE MONTES DE ARRUÁS

CERTIFICO : Que as cláusulas que anteceden foron aprobadas por esta comunidade, cumpríndose o requisito do quorum, en sesión celebrada o día 24 de marzo de 2.001 estando designado Don HERMESINDA AGUIAR FERNÁNDEZ representante dela para efectos da firma do convenio.

E para que conste, expido a presente certificación en _____
Vilar de Barrio _____
a _____ de **Xuño** de mil
~~novecientos noventa e~~ **xxx** ~~dois~~ mil un .

O SECRETARIO.

Visto e piace,

○ PRESIDENTE

Asdo.: HERMESINDA AGUIAR FERNÁNDEZ

Asdo. : HERMESINDA AGUIAR FERNÁNDEZ

Don TOMÁS FERNÁNDEZ – COUTO JUANAS, Director
Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, dá a súa con-
formidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.

Pola propriedade,

ASDO: HERMESINDA AGUIAR FERNÁNDEZ

Pola Consellería de Medio Ambiente

Asdo.: José Luis Aboal García - Tuñón



En relación coa solicitude de rescisión total do convenio do monte "Lomba, Candas e Rebordiño" 32155193, da pertenza da comunidade de veciños de Arruas do concello de Vilar de Barrio (Ourense), presentada o 30 de outubro de 2009 conforme ao acordo da Asemblea do 17 de outubro de 2009, infórmolle o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

1º.- Que o monte veciñal en man común "Lomba, Candas e Rebordiño" foi clasificado en data 30 de novembro de 1976 cunha superficie de 239 ha e da pertenza de Arruas, Vilar de Barrio.

2º.- Que o convenio 32155193 "Lomba, Candas e Rebordiño" foi aprobado por Resolución do conselleiro de Agricultura con data 26 de setembro de 2001, cunha superficie de 153 ha.

4º.-Que, segundo as bases do convenio asinado a Consellaría aporta ao convenio as cantidades necesarias para cubrir os gastos a que dea lugar a súa execución. Na correspondente conta de gastos, o 50% contabilizouse en concepto de subvención sendo o restante 50%, o anticipo reintegrable o interese do 1% anual.

5º.- Que, a duración do presente convenio asinouse por un período de 40 anos mais segundo o cuarto parágrafo da novena cláusula en calquera momento poderá cancelarse o convenio previo aboamento a Consellaría do Medio Rural do saldo pendente. A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ao titular da propiedade do chan, con exención do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

6º.- Que, segundo as contas do convenio 32155193 "Lomba, Candas e Rebordiño" o monte presenta unha débeda 1.177,59 €, coa Xunta de Galicia.

Por todo isto,

PROPOÑEMOS:

1º. - Que se aprobe a rescisión da totalidade das 153 ha do convenio do monte "Lomba, Candas e Rebordiño" 32155193 da pertenza da Comunidade de veciños de Arruas, concello de Vilar de Barrio (Ourense).

2º.- Que previa á rescisión e visto antes informe positivo da Asesoría Xurídica, a comunidade de veciños de Arruas, ingrese a cantidade de 1.177,59 €, importe adebedado a Xunta de Galicia para poder rescindir.

3º.- Que a comunidade de Arruas terá presente o estipulado na cláusula 11ª do convenio "... sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellaría..."

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2010

O Director Xeral de Montes



Tomás Fernández-Couto Juanas

Excmo. Sr. Conselleiro do Medio Rural.-
Santiago de Compostela.-



En relación co expediente remitido pola D. X. de Montes relativo a rescisión do Convenio nº 32155193 monte” Lomba, Candas e Rebordíño” propiedade da Comunidade de veciños de Arrúas sito no concello de Vilar de Barrio (Ourense) cunha superficie actual de 153 has, exprésase como criterio desta asesoría xurídica:

1.- Que a Consellería de Medio Ambiente subscribiu con data 26/09/2001 un convenio coa comunidade propietaria do monte veciñal en man común Lomba, Candás e Rebordíño.

No citado convenio establécese que este terá carácter administrativo e a Consellaría de Medio Ambiente interpretará e resolverá tódalas cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento. En canto á súa duración sinalase que o convenio será por un período de ..40. anos. Transcorrido este tempo, e se a Consellaría, coa súa participación en beneficios que se consegue na cláusula 7ª cubrise o seu saldo acreedor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula 4ª quedará automaticamente extinguido o convenio reintegrándose o chan e as existencias que subentábase á plena posesión do seu titular. En caso contrario, prorrogarase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellaría do saldo pendente.

Segundo o Decreto 318/2009, correspóndelle á consellería de Medio Rural a competencia en materia de montes.

2.- Con data 30/10/2009 a Presidenta da Xunta Rectora en representación da Comunidade de montes veciñais en man común de Arrúas solicita a rescisión do convenio realizado en data 26/09/2001, dando cumprimento ao acordado na asemblea de 17/10/2009.



3.- A Disposición Adicional segunda da Lei 13/1989, de 10 de outubro de montes veciñais en man común, sinala que as comunidades propietarias de montes de veciños consorciadas ou con convenios coa administración, e con independencia que neles fosen parte os concellos ou Deputacións Provinciais, poderán optar por subrogarse no consorcio ou convenio preexistente, realizar un novo convenio ou resolver o existente.... As débedas dos consorcios realizados pola Administración Forestal do Estado serán condonadas polo importe a que ascendía a débeda no momento da clasificación como veciñal en man común.

En todo caso aquelas comunidades que se benefician da condonación da débeda e queiran rescindir o consorcio ou convenio terán que presentar sempre un Plan de aproveitamentos e xestión do monte que haberá de ser aprobado pola Administración.

4.- O Servizo de Montes da Delegación Territorial de Ourense no seu informe de data 5 de marzo de 2010 propón:

- Que se rescinda a totalidade do convenio “Lomba, Candas e Rebordíño” 321/55193, da pertenza da Comunidade de veciños de Arrúas (Vilar de Barrio) coas seguintes características:

Nome: Lomba, Candas e Rebordíño

Elenco: 321/55193

Superficie: 153 has

Pertenza: Comunidade de Veciños de Arrúas

Concello: Vilar de Barrio

- A comunidade de veciños de Arrúas terá presente o estipulado na cláusula 11ª do convenio “.sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería”



5.- A Dirección Xeral de Montes formula a seguinte proposta de Resolución:

1º.- Que se aprobe a rescisión da totalidade das 153 has do convenio do monte “Lomba, Candas e Rebordiño” 32155193 da pertenza da Comunidade de veciños de Arrúas, concello de Vilar de Barrio (Ourense).

2º.- Que previa á rescisión e visto antes informe positivo da Asesoría Xurídica, a comunidade de veciños de Arrúas, ingrese a cantidade de 1.177,59 €, importe adebedado á Xunta de Galicia para poder rescindir.

3º.- Que a comunidade de Arrúas terá presente o estipulado na cláusula 11ª do convenio “... sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería...”

6.- En vista de tódolos antecedentes obrantes no expediente administrativo, esta asesoría vistas as disposicións legais de aplicación, informa favorablemente a proposta de rescisión do convenio nos termos establecidos na indicada proposta da D. Xeral de Montes , correspóndelle a rescisión ao Sr. Conselleiro

Santiago 9 de abril de 2010

O LETRADO ASESOR



JUAN JOSE LOIS BARCIA

SSECRETARIA XERAL. DIRECCIÓN XERAL DE MONTES.



29-03-2010


NOTA INTERIOR

DE: XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN DE MONTES

A: SECRETARÍA XERAL (Asesoría Xurídica).

Para que se emita informe xurídico, achégolle o/os expediente/s correspondente/s ó/os seguinte/s monte/s, lembrándolle que é preceptivo o mesmo para continuar coa tramitación do expediente.

Lomba, Candas e Rebordión


Jacobo Aboal Viñas

Recibín,



M. o. l. -



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
XEFATURA TERRITORIAL

Florentino L. Cuevillas, 4 e 6 - baixo
32003 OURENSE

REGISTRO XERAL da Xunta de Galicia
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN
PÚBLICAS E XUSTIZA - SANTIAGO DE COMPOSTELA



XACOBEO 2010
Galicia

15 MAR. 2010

NÚMERO

50421 ENTRADA

OFICIO

Asunto. Rescisión total do convenio 32155193 "Lomba, Candas e Rebordiño

DESTINATARIO:

DIRECCION XERAL DE MONTES.

SAN LAZARO s/n

15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Xefatura Territorial de OURENSE

Data **08 MAR. 2010**

Fecha:

08/03/2010

Nº ENTRADA

Nº SAÍDA

4144

Xunto remito para a súa aprobación se procede, memoria para a rescisión total do convenio 32155193 "Lomba, Canda e Rebordito da pertenza de Arruas, no concello de Vilar de Barrio-Ourense

Ourense, 8 de marzo de 2010

O Xefe do servizo



Assdo: Antonio Gómez Pacios



Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes, e logo dos informes favorables emitidos pola Asesoría Xurídica e polo xefe de Montes de Ourense,

RESOLVO:

1º. - Aprobar a rescisión da totalidade das 153 ha do convenio do monte "Lomba, Candas e Rebordíño" 32155193 da pertenza da Comunidade de veciños de Arruas, concello de Vilar de Barrio (Ourense).

2º.- Que previa á rescisión e visto antes informe positivo da Asesoría Xurídica, a comunidade de veciños de Arruas, ingresou o importe adebedado a Xunta de Galicia para poder rescindir o convenio.

3º.- Que a comunidade de Arruas terá presente o estipulado na cláusula 11ª do convenio "... sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería..."

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de Reposición con carácter potestativo ante o Conselleiro do Medio Rural no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente o recurso Contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, prazos que comezarán a contar a partir do día seguinte ó da recepción da notificación, de acordo co disposto nos artigos 107, 109, 116 e 117 da Lei 4/99 de modificación da Lei 30/92, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e nos artigos 10 e 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo da xurisdicción contencioso-administrativa, ou exercer calquera outro que estime pertinente.

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2010

O conselleiro



Samuel Jesus Juárez Casado